

BANDO INFORMATIVO

SUSPENSIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FEIRAS E EVENTOS AO AIRE LIBRE PROGRAMADOS PARA ESTE MES DE AGOSTO

Ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas así como da poboación en xeral, que esta Alcaldía, ven de ditar a seguinte Resolución, en relación coa celebración das feiras dos días 13 e 28, así como da Festa dos 80 e do Mercadillo do día 14 do presente mes de Agosto.

Ante a información sobre a situación actual do **Covid19** no noso Concello, e non podendo garantir as condicións mínimas de distancia e de seguridade necesarias en relación ao aforo en espazos públicos, e co fin de evitar que a actividade económica municipal se vexa abocada a unhas medidas máis restritivas, sobre todo no sector hostaleiro, esta Alcaldía

ACORDA:

PRIMEIRO. Declarar que a **celebración das feiras e mercados no Concello de Viana do Bolo para os vindeiros días 13 e 28 de Agosto, queda suspendida ate novo aviso**, en tanto non se poden garantir as condicións de seguridade, distanciamento entre postos, aforo, etc. recomendadas polas autoridades sanitarias competentes.

Así mesmo quedan suspendidos os eventos programados ao aire libre **“Festa dos 80” e “Mercadillo”**.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Viana do Bolo, a 9 de agosto de 2021.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso

